

# METRÓPOLE

Fritz Lang, 1927


# 1349

ESTREA EN NUMAX: 29.07.2024 | V.O.S.E. | 148 min

Futuro, ano 2000. Na megalópole de Metrópole a sociedade divídese en dúas clases, os ricos que teñen o poder e os medios de produción, rodeados de luxos, espazos amplos e xardíns, e os obreiros, condenados a vivir en condicións dramáticas recluídos nun gueto subterráneo, onde se encontra o corazón industrial da cidade. Un día Freder (Alfred Abel), o fillo do todopoderoso Joh Fredersen (Gustav Frohlich), o home que controla a cidade, descobre os duros aspectos laborais dos obreiros tras namorar de María (Brigitte Helm), unha moza de orixe humilde, venerada polas clases baixas e que predica os bos sentimentos e o amor. O fillo advirte a seu pai de que os traballadores poden rebelarse.

«Unha marabilla descomunal, fusionando modernismo e expresionismo, art deco e espectáculo bíblico, marxismo emocional, milenarismo relixioso e ampulosidade wagneriana»

Ben Walter, TIME OUT



## 8 aproximacións filosóficas a Metrópole

Por Eugenio Sánchez Bravo

1. O desafío ao que se enfrontaba a sociedade alemá nos anos vinte era dobre. Por unha banda, as consecuencias do capitalismo e o progreso científico-tecnolóxico e, por outro, a decadencia moral, política e artística. O progreso tecnolóxico condenaba as masas de traballadores á alienación total. Non hai imaxes máis potentes para ilustrar a idea de alienación económica en Marx que as do cambio de quenda en *Metrópole*. O progreso tecnolóxico, encarnación de Moloch ou Baal, cobra o seu prezo no sacrificio dunha gran maioría que debe entregar a súa carne e o seu sangue ás máquinas. (...) Ante este panorama ábrese dúas posibilidades: unha, a violencia desatada da clase oprimida que termina na destrución das máquinas e a anarquía. A outra é o fascismo, a acomodación do proletariado aos intereses da elite.
2. Tamén está presente a visión pesimista de Freud arredor da natureza humana. O fondo do home é un inconsciente composto de pulsións sexuais e agresivas que, en caso de non seren reprimidas, provocarán o derrubo da orde social. O desexo humano, a vella Babilonia bíblica, segue sendo a fonte de todos os males. Son moi reveladores os planos con multitude de ollos. Lembra que a vista é o símbolo do desexo desde que Edipo se arrincou os ollos por cometer incesto.
3. É evidente a mención tácita ao superhome de Nietzsche na figura do home do futuro, o home máquina. Con todo, esta visión non ten nada que ver co mediodía predito por Zaratustra senón coa consumación dunha sociedade deshumanizada, robotizada. O mito do perigo inevitable que acompaña á ciencia e a tecnoloxía ten os seus comezos en Frankenstein e alcanza en *Metrópole* un dos seus imaxinarios máis poderosos e influentes. *Terminator* (Cameron, 1984) ou *Matrix* (Wachovsky, 1999) non son máis que actualizacións desta idea romántica primixenia.
4. O nihilismo do robot María chega ao extremo non só de celebrar a catástrofe da orde social senón que ri mentres arde na fogueira. É impactante a escena en que convida ao xentío de privilexiados a contemplar a destrución da cidade por pura diversión.
5. Outro tema filosófico relevante é a formulación anovadora da relación mente-corpo a partir da posibilidade da intelixencia artificial: o almacenamento da alma nun corpo robótico.
6. A película non tivo demasiado éxito debido á visión pesimista que ofrece do progreso científico-técnico. A confianza cega na idea de progreso era a norma na época e unha distopía como a de Lang estaba demasiado avanzada para a súa época.
7. A parábola da Torre de Babel tal e como a conta María é moi diferente da versión do Antigo Testamento no que Deus castiga a soberbia dos homes, mentres que na versión de María son os traballadores oprimidos os que destrúen a obra da elite dominante.
8. Non se debe pasar por alto o antisemitismo e o racismo presentes na fita de Lang. O antisemitismo está claro na figura do malvado Rotwang, creador do robot que conduce ás masas á súa perdición. O personaxe é sistematicamente asociado ao xudaísmo: a estrela de cinco puntas na porta da súa casa lembra á estrela de David, é o causante da revolución obreira como o xudeu Marx, crea e cre nun falso Mesías. No lado oposto está a figura cristiá de María. Esta predica nas catacumbas rodeada de cruces. Anuncia a chegada do verdadeiro Mesías e a reconciliación da humanidade a través do Amor.